



Anteproxecto de Decreto XXXX, polo que se modifica o Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos

A Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, na súa Disposición adicional sexta autorizou a creación da Axencia Galega da Industria Forestal como axencia pública autonómica que ten como fins xerais e obxectivos básicos actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada ao sector forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación en materia forestal.

O Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, creou a axencia e aprobou os seus estatutos, establecendo a súa organización e funcionamento.

O Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia adscribiu, no seu artigo 10, a Axencia Galega da Industria Forestal á Consellería do Medio Rural.

O Decreto 109/2022, do 16 de xuño, polo que se modifica o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, en coherencia co Decreto 73/2022 citado e a fin de afondar no camiño xa iniciado de racionalización das estruturas administrativas da Xunta de Galicia, ao regular a estrutura da consellería, preveu a adscrición da Axencia Galega da Industria Forestal, como entidade instrumental do sector público autonómico, á Consellería do Medio Rural.

A Disposición derradeira primeira do Decreto 109/2022, do 16 de xuño, clarexa que as referencias feitas á consellería competente en materia de economía no Decreto 81/2017, do 3 de agosto, que crea a Axencia Galega da Industria Forestal e aproba os seus estatutos, entenderanse feitas á consellería competente en materia do medio rural, fóra da referencia que contén o artigo 13.2.c).1º.

Finalmente, no actual Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, o artigo 2.2.d) prevé a adscrición á Consellería do Medio Rural da Axencia Galega da Industria Forestal, coa natureza de entidade pública instrumental do sector público autonómico.



Neste contexto de cambio e a fin de resultar máis eficiente o impulso das políticas necesarias en materia sectorial, enténdese acaído realizar un conxunto de modificacións na finalidade e funcións da Axencia. En particular, na estrutura orgánica da Axencia coa modificación das súas áreas, así como a incorporación orgánica e funcional do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, dando deste xeito, debido cumprimento á disposición adicional sexta da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, en relación á necesaria coordinación dos centros de investigación en materia forestal.

Durante a súa tramitación, a proposta de decreto someteuse ao trámite de información pública e cumpríronse os trámites previstos no artigo 43 do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos para a súa modificación e os previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Na súa virtude e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro do Medio Rural, logo de deliberación do Consello da Xunta, na súa reunión do día ... de ... de ... ,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos

O Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, queda modificado como segue:

Un. Créase unha disposición adicional terceira bis, que queda redactada do seguinte xeito:

“Disposición adicional terceira bis. Centro de Investigación Forestal de Lourizán

1. O Centro de Investigación Forestal de Lourizán queda adscrito á Axencia Galega da Industria Forestal, baixo a dependencia da Área de Innovación Forestal, que asumirá as súas funcións e competencias daquel e subrogarase en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das ditas competencias.

2. A Axencia Galega da Industria Forestal asumirá o control, xestión e a administración do Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

3. Adscríbense a Axencia Galega da Industria Forestal os centros de traballo onde desenvolve as súas actividades o Centro de Investigación Forestal de Lourizán.



4. *Quedan adscritos á Axencia Galega da Industria Forestal os bens inmobles da finca de Lourizán que se encontren, por calquera título, afectos ao desenvolvemento das funcións do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, sen necesidade de declaración expresa.*

5. *Corresponde a Axencia Galega da Industria Forestal, a través da Área de Innovación Forestal, a coordinación do Centro de Investigación Forestal de Lourizán.*

6. *O persoal funcionario de carreira e o persoal laboral do Centro de Investigación Forestal de Lourizán que ocupe postos de traballo que se adscriben á Axencia Galega da Industria Forestal pasará a desempeñar as súas funcións nesa axencia, co mesmo réxime e nas mesmas condicións que tiñan cando ocupan o seu posto na Axencia Galega da Calidade Alimentaria.*

Este persoal integrarase na organización do traballo da Axencia Galega da Industria Forestal e dependendo dos órganos da súa estrutura."

Dous. Engádesse unha disposición derradeira primeira bis, coa seguinte redacción:

"Disposición derradeira primeira bis. Referencias normativas

As referencias feitas á consellería competente en materia de economía no Decreto 81/2017, do 3 de agosto, que crea a Axencia Galega da Industria Forestal e aproba os seus estatutos, entenderanse feitas á consellería competente en materia do medio rural, fóra da referencia que contén o artigo 13.2.c).1º."

Tres. Modifícanse as letras c) e e) do artigo 2.2 dos Estatutos, que quedan redactadas do seguinte xeito:

"c) Apoiar ao sector da industria forestal, madeireira e non madeireira, para analizar e implantar medidas que contribúan ao seu desenvolvemento."

"e) Propoñer aquelas actuacións que sitúen a madeira e outros recursos renovables dos bosques no centro da políticas públicas en materia de descarbonización, bioeconomía rural e circularidade da Xunta de Galicia."

Catro. Modifícase as letras a), b), c), f) e n) do artigo 8.1 dos Estatutos, que quedan redactadas do seguinte xeito:

"a) Elaborar e propoñer á consellería competente en materia de medio rural plans e programas en materia de investigación, innovación e transferencia para o mellor aproveitamento dos recursos do monte destinados á industria forestal."



“b) Promover e, se é o caso, executar os plans e programas indicados, aprobados pola consellería competente en materia de medio rural, particularmente, a elaborar análises integrais para a industria forestal.”

“c) Colaborar coa dirección xeral competente en materia de planificación e ordenación forestal para garantir e impulsar os proxectos de información, inventariado e coñecemento que permitan dispor dos datos necesarios que axuden ás diferentes asociacións, organizacións e entidades públicas e privadas do sector forestal galego na toma de decisións, de forma que se consiga un impulso da industria forestal.”

“f) Favorecer os diferentes recursos e servizos dos ecosistemas forestais, incluíndo aqueles relacionados cos mercados de carbono en Galicia, en colaboración e coordinado có resto das unidades da Consellería do Medio Rural e da Xunta de Galicia, tendo en conta as respectivas competencias.”

“n) Impulsar e promover marcas colectivas que faciliten a integración das diversas actividades produtivas da industria forestal: materia prima, deseño, industrialización e comercialización”.

Cinco. Modifícase a letra d) do artigo 14 dos Estatutos, que queda redactada do seguinte xeito:

“d) A aprobación das disposicións, plans, programas e documentos estratéxicos en materia de industria forestal.”

Seis. Créase unha letra d) no artigo 19 dos Estatutos, que queda redactada do seguinte xeito:

“d) Área de Información forestal.”

Sete. Modifícase o artigo 21 do Estatutos, que queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 21. Área de Innovación Forestal

1. A esta área correspóndelle o impulso e establecemento de mecanismos de colaboración con centros de investigación nas diferentes materias que o sector da industria forestal traslade á Administración por consideralos do seu interese. Exercerá as seguintes funcións:

a) O impulso á investigación e a coordinación e a cooperación dos distintos centros de investigación e innovación tecnolóxica adscritos á Axencia.

b) A coordinación da transferencia de coñecemento e tecnoloxía nos diferentes proxectos da investigación forestal entre os diferentes axentes vinculados á industria



forestal, xa sexan administracións, universidades, asociacións, fundacións ou empresas e plataformas forestais.

c) Accións específicas en materia de impulso no aproveitamento sustentable, activo e resiliente e posterior valorización dos recursos forestais e de produtos baseados en madeira, na procura de novos usos que outorguen un maior valor engadido, en particular o impulso da industria forestal. Así como daqueles proxectos que poñan de relevo a circularidade, en especial aqueles que afonden no principio de uso en cadoiro da madeira, e daqueles que afonden na bioeconomía.

d) A prestación de asistencia a entidades e empresas do sector forestal e baseadas en madeira para o desenvolvemento de proxectos innovadores.

e) O desenvolvemento de programas de apoio á diversificación da actividade económica forestal no medio rural, promovendo o desenvolvemento dunha actuación eficaz da industria forestal.

f) O impulso á internacionalización do sector forestal de Galicia, así como na participación en proxectos internacionais, como eixe clave na mellora da comercialización e diversificación dos produtos forestais.

g) Calquera outra función que se lle encomende no ámbito da súa competencia.

2. Adscribíense á Axencia Galega da Industria Forestal, baixo dependencia orgánica e funcional da Área de Innovación Forestal, e con nivel de servizo, os seguintes centros:

a) O Centro de Innovación e Servizo Tecnolóxico da Madeira, CIS-Madeira.

b) O Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

3. O Centro de Innovación e Servizo Tecnolóxico da Madeira, CIS-Madeira, exerce todas as funcións que lle sexan encomendadas en materia de especialización tecnolóxica, con especial foco nas pequenas e medianas empresas (PEMES), ofrecendo, entre outros, os seguintes servizos:

a) Servizos especializados a empresas da industria forestal-madeira: a asistencia técnica, a mellora de procesos, o desenvolvemento de software tecnolóxico e industrial, o control de calidade e ensaios de materiais e produtos, entre outros, e a participación en proxectos en colaboración con empresas e outras entidades vinculadas á cadea monte-industria, como partners tecnolóxicos.

b) Transferencia de tecnoloxía e coñecemento nos seus ámbitos de especialización.



c) Asistencia e formación tecnolóxica especializada en materia de produtos baseados en madeira.

d) Difusión da cultura do coñecemento e tecnolóxica no ámbito das súas funcións.

4. O Centro de Investigación Forestal de Lourizán exerce todas as funcións que lle sexan encomendadas en materia de investigación, innovación e transferencia forestal, entre outras:

a) A mellora da produtividade e multifuncionalidade dos espazos forestais.

b) O incremento da calidade dos bens, servizos e produtos forestais.

c) A promoción da sustentabilidade dos ecosistemas forestais fronte ás perturbacións na xestión dos recursos forestais.

d) A conservación, mellora e selección dos recursos xenéticos forestais.

Correspóndelle ao Centro de Investigación Forestal de Lourizán a coordinación e dirección do Banco de Recursos Fitoxenéticos das Especies Forestais da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Oito. Modifícase o artigo 22 dos Estatutos, que queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 22. Área de Promoción e Calidade Forestal

A esta área correspóndelle o fomento das accións de mellora na xestión e promoción da calidade nas empresas do sector forestal. Exercerá as seguintes funcións:

a) O fomento das tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais así como aquelas dirixidas á valorización e a segunda transformación das empresas do sector forestal e daquelas baseadas na madeira.

b) A promoción na certificación da calidade con distintivos de marca dos produtos derivados da industria forestal e daquelas baseadas na madeira.

c) Accións de colaboración que teñan coma obxecto xerar puntos de encontro e coñecemento entre empresas fabricantes, instaladoras e persoas deseñadoras, prescritoras e expertas para o fomento dos recursos e servizos forestais e aqueles produtos baseados en madeira.

d) A promoción da madeira, en particular o seu uso na construción, mobiliario, fibra téxtil ou con fins enerxéticos, así como doutros produtos do monte. Dende a confección de estratexias até a execución das súas liñas de acción.



e) Incentivar a mellora da formación e a cualificación do persoal empregado no sector forestal favorecendo a capacitación profesional, e contribuíndo á mellora da produtividade e competitividade das empresas do sector forestal en colaboración e baixo a dirección e coordinación dos centros directivos con competencias en materia de formación.

f) Calquera outra función que se lle encomende no ámbito da súa competencia.”

Nove. Engádesse un novo artigo 22 bis nos Estatutos, co seguinte contido:

Artigo 22 bis. Área de Información Forestal

A esta área correspóndelle o fomento das accións para a colaboración desde o punto de vista no impacto no sector da industria da madeira na creación e mellora dos sistemas de información e estatística forestal de Galicia, como mecanismos que permitan facer diagnoses adecuadas e ser unha ferramenta esencial para a toma de decisións de políticas públicas ou empresariais relacionadas co sector forestal e da madeira. Exercerá as seguintes funcións:

a) O fomento de procedementos de rastrexabilidade e dilixencia debida da orixe dos recursos madeireiros do monte así como da cadea de custodia dos diferentes sistemas de certificación forestal.

b) A levanza, en particular, dentro do sistema rexistral forestal de Galicia, o Rexistro de empresas do sector forestal de Galicia en coordinación con outros departamentos da Administración autonómica.

c) O desenvolvemento e mellora, en colaboración con outros departamentos da Administración autonómica, do Inventario forestal continuo de Galicia así como da súa coordinación con outros inventarios. De igual xeito, promoverase a base de información forestal que sustente un sistema de créditos de carbono promovido pola Xunta de Galicia.

d) A creación e mantemento dos sistemas de información e estatística forestal-madeira desde o punto de vista de industria forestal, en colaboración coa dirección xeral competente en materia de planificación e ordenación forestal e có resto de centros directivos competentes en materia de estatística agraria, asegurando una necesaria interoperabilidade que facilite a análise da información da actividade forestal. Neste senso, tentaranse incorporar actuacións na planificación estatística da Comunidade Autónoma para estudar a caracterización económica e socio demográfica do monte galego que permitan describir ás explotacións forestais, os seus titulares e a cadea forestal da madeira e doutros recursos forestais e baseados en madeira, en coordinación con outros departamentos da Administración autonómica.



e) *Calquera outra función que se lle encomende no ámbito da súa competencia.*

Disposición transitoria única. *Procedementos en tramitación*

Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste decreto, tramitaranse de conformidade coas normas contidas neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos*

O Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, queda modificado como segue:

Un. Suprímese a letra d) da Disposición adicional quinta.1.

Dous. Modifícase o número 2 da Disposición adicional oitava, que queda redactada do seguinte xeito:

"2. Así mesmo, adscribíense á Axencia Galega da Calidade Alimentaria os centros de traballo onde desenvolven as súas actividades o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia e os centros de formación e experimentación agraria e as subestacións experimentais recollidos neste estatuto".

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 2 do Estatuto, que queda redactado do seguinte xeito:

"3. Desenvolver as actividades de I+D+i no sector agrario, en particular nos ámbitos agrícola, gandeiro e da industria agroalimentaria, dentro do marco das competencias que a esta axencia lle atribúen estes estatutos".

Catro. Modifícase o número 4 do artigo 10 do Estatuto, que queda redactado do seguinte xeito:

"4. Promover e executar os traballos de investigación nas materias agrícolas e gandeiras, tanto respecto das actividades de produción e transformación como respecto do cumprimento das boas prácticas agrarias e outros requirimentos dos procesos produtivos primarios nas explotacións agrarias, de mellora xenética e sanidade agrícola e gandeira, as relativas á conservación dos recursos xenéticos e ao impacto das actividades do sector agrario sobre o medio. Para o cumprimento desta finalidade poderá solicitar recursos materiais e humanos que poidan ser asignados por calquera das administracións públicas no marco de plans de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación."



Cinco. Suprímese a letra e) do artigo 22 do Estatuto.

Seis. Modifícase o terceiro guión da letra d) do artigo 25 do Estatuto, que queda redactado do seguinte xeito:

"– Promover e executar os traballos de investigación agraria, particularmente nas materias agrícolas e gandeiras, respecto das actividades de produción e transformación."

Sete. Suprímese o artigo 28 do Estatuto

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

José González Vázquez
Conselleiro de Medio Rural